ABANCA Corporación Bancaria, S.A. con NIF A70302039, **CERTIFICA:** Que de conformidad con los datos que obran en nuestro poder,

CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LA PRESTACION DE SERVICIOS CONTRA INCENDIOS Y SALVAMENTO P3600036B

a 31-12-2025, figura como titular de la siguiente cuenta:

Nº PRODUCTO	Nº TITULARES	SALDO	MONEDA
CCC: 2080-5401-56-3110189890 IBAN: ES33 2080 5401 5631 1018 9890	1	7.305.887,59	EUR

Y para que conste, y a los efectos oportunos, expido la presente certificación, en el lugar y fecha arriba indicados.

Por ABANCA Corporación Bancaria, S.A.



CONSO.PROV CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Acta de Arqueo
 Periodo: 2025
 Fecha referencia inicial: 01/01/2025
 Fecha referencia: 31/12/2025

ACTA DE ARQUEO METÁLICO			
COBROS		PAGOS	
Presupuesto		Presupuesto	
Corriente	5.581.158,17	Corriente	4.651.837,38
Cerrado	0,00	Cerrado	65.542,52
Reintegro de Pago	0,00	Devoluciones de Ingreso	4.531,20
Suma	5.581.158,17	Suma	4.721.911,10
No Presupuestario		No Presupuestario	
Ingresos Pendientes de Aplicación	0,00	Pagos Pendientes de Aplicación	0,00
Movimientos Internos de Tesorería	232.944,43	Movimientos Internos de Tesorería	232.944,43
Libramientos y Provisiones de Anticipos y Pagos a Justificar		Libramientos y Provisiones de Anticipos y Pagos a Justificar	0,00
Otras Operaciones No Presupuestarias	1.775.034,10	Otras Operaciones No Presupuestarias	1.630.939,94
Suma	2.007.978,53	Suma	1.863.884,37
Total Cobros	7.589.136,70	Total Pagos	6.585.795,47
Existencias iniciales	6.302.546,36	Existencias Finales	7.305.887,59
TOTAL	13.891.683,06	TOTAL	13.891.683,06

ESTADO DE LAS EXISTENCIAS DE TESORERÍA				
CUENTA	Existencias iniciales	Total Ingresos	Total Gastos	Existencias Finales
Caja	-105.763,52	105.763,52	0,00	0,00
Bancos y cuentas operativas	6.408.309,88	7.426.209,69	6.528.631,98	7.305.887,59
Caja y Bancos de cuentas restringidas del habilitado	0,00	0,00	0,00	0,00
Otras cuentas	0,00	138.406,84	138.406,84	0,00
TOTAL	6.302.546,36	7.670.380,05	6.667.038,82	7.305.887,59

Cod. Validación: ACCAZPKYJ9MNT3FF94QIMAKJ93
 Corrección: https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestióna esPublico | Páxina 1 a 1





MEMORIA

CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO CONTA XERAL EXERCICIO 2025

1. Organización

1.1. Norma de creación.

Ao abeiro do establecido na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 196 e concordantes, así coma na demais lexislación vixente, e para dar cumprimento ao disposto nas disposicións adicional terceira e transitoria terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, constitúese o Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, mediante DECRETO 36/2011, do 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra, que terá a tódolos efectos a consideración de Administración pública (artigo 1 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobados por Decreto 36/2011, do 17 de febreiro).

1.2. Actividade, carácter, réxime xurídico, económico-financeiro e de contratación.

Obxecto: Constitúe obxecto do Consorcio a execución das competencias do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento, que se lles atribúen na lexislación vixente aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación e, de ser o caso, a creación dunha rede de parques que garanta a prestación homoxénea do servizo, por calquera das modalidades de xestión previstas na lexislación.

Entre os fins do consorcio estará a colaboración cos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens, a prevención e extinción de incendios, a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco e o asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten persoas, edificacións e instalacións, así como o fomento da autoprotección.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento inicia a súa actividade o 1 de xaneiro de 2012.

Carácter: O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, que ten a condición de entidade local non territorial, constitúese voluntariamente e por un período de tempo indefinido. Ten carácter administrativo e personalidade xurídica propia e independente das entidades que o integran, así como capacidade xurídica para o cumprimento dos fins estatutarios.

Réxime económico financeiro: O Consorcio conta con patrimonio propio e desenvolverá a súa actividade conforme un orzamento independente.

Recursos do consorcio:



Para o cumprimento dos seus fins o consorcio disporá do seu propio orzamento que estará integrado polos seguintes recursos:

a) As achegas dos entes consorciados.

1. As achegas dos entes consorciados para sufragar os gastos ordinarios de funcionamento do consorcio efectuaranse da maneira seguinte:

-Xunta de Galicia: 50% do total do orzamento.

-Deputación Provincial de Pontevedra: 50% do total do orzamento.

2. Se durante o exercicio económico se producisen ingresos superiores aos previstos inicialmente no orzamento do consorcio, estes excesos serán dedicados, por criterio do Pleno, a actuacións adicionais ás previstas inicialmente, ou ben a minorar as achegas que lle corresponden ás partes consorciadas.

3. En todo caso, poderase acudir aos mecanismos previstos na lexislación vixente para obter a satisfacción das achegas en caso de que algunha das administracións consorciadas non achegasen en prazo a totalidade das cantidades a que veñen obrigadas por este artigo, e co fin todo isto de facer efectivas estas cantidades.

b) As subvencións e outros ingresos de dereito público.

c) As taxas, contribucións especiais e prezos públicos fixados de acordo coa lei.

d) Ingresos de dereito privado e os bens adquiridos polo consorcio que se integran no seu patrimonio.

e) O produto de operacións de crédito.

f) Calquera outro recurso que puidera serlle atribuído de acordo coa lexislación vixente.

Réxime xurídico: Sen prexuízo do establecido nos seus estatutos, entenderase tamén de aplicación, cando así proceda, o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o disposto tanto na normativa básica de réxime local, como na Lei de Administración local de Galicia, Lei de emerxencias de Galicia e demais normativa que, se é o caso, se dite no seu desenvolvemento.

O Consorcio regulará o réxime interno e de funcionamento dos seus propios servizos, de acordo cos seus estatutos, coa lexislación do réxime local e do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e daquelas outras que lles sexa de aplicación.

Para o non establecido nas disposicións anteriores aplicarase a lexislación reguladora do réxime das entidades locais.

Adscrición: O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 29 de outubro de 2024, acordou, a adscrición do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento no exercicio económico 2025 á Deputación Provincial de Pontevedra, de acordo co criterio de territorialidade, recollido no artigo 120, punto 2, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector público en concordancia co artigo 6 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobados mediante Decreto 36/2011, de 17 de febreiro.

1.3 Principais fontes de ingresos

CONCEPTO	DEREITOS	RECOÑECIDOS	%	PORCENTAXE	DE
----------	----------	-------------	---	------------	----



	NETOS	FINANCIAMENTO
Capítulo I Impostos directos	0,00	0
Capítulo II Impostos indirectos	0,00	0
Capítulo III Tasas e outros ingresos	2.436.626,97	43,69
Capítulo IV Transferencias correntes	3.140.000,00	56,31
Capítulo V Ingresos patrimoniais	0,00	0
Capítulo VI Enaxenación de inversións reais	0,00	0
Capítulo VII Transferencias de capital	0,00	0
Capítulo IX Pasivos financeiros	0,00	0
TOTAL	5.576.626,97	100

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento no exercicio 2025 financiouse:

- 56,31 % coas achegas da Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, en virtude do sinalado no artigo 23 dos seus Estatutos que estable que as achegas dos entes consorciados (Deputación-Xunta) para sufragar os gastos de funcionamento do consorcio efectuaranse ao 50%.
- 43,69 % por taxas e outros ingresos, dos cales:
 - * 98,03 % corresponde á taxa polo mantemento do servizo de intervención en emerxencias, en virtude do Convenio de colaboración entre o Consorcio e a Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios- A.I.E para a liquidación e recadación da taxa polo mantemento do servizo contra incendios e salvamento.
 - * 1,67% por taxa pola prestación do servizo de intervención
 - * 0,07 % por expedición de documentos administrativos
 - * 0,23 % recargos en vía executiva e un recursos eventuais.

No exercicio 2025, recoñecéronse as seguintes devolucións de ingresos:

1. TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS. O Órgano de Xestión Tributaria de Recursos Locais, tramitou e xestionou devolucións de ingresos en concepto de taxas pola prestación do servizo de intervención en emerxencias por importe de 414,00 €, importe que foi repercutido e liquidado ao Consorcio Provincial.

2. OUTROS RECURSOS EVENTUAIS. Correspondente á devolución, previa estimación do recurso de reposición, do importe correspondente ás penalidades impostas por incumprimento de prazo de execución de contrato, así:

- A Presidencia, mediante Resolución de data 30/09/2025, nº 2025-0160, RESOLVE:

"1º.- *Aprobala acta de recepción positiva do subministro de 3 compresores de aire respirable descritos na mesma, formalizada o día 25/09/2025 no parque de bombeiros de Porriño, por:*

- *D. Roberto Jorge Correa, con DNI **8200***, xerente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.*
- *D. José Manuel Cacabelos Méndez, con DNI nº **2831***, en representación da empresa subministradora PEYCAR PONTEVEDRA, S.L..*
- *D. Juan Jesús Mariño Mariño, con DNI nº **4633***, xefe do parque de bombeiros de Bueu. e de xeito telemático:*
- *Dª. Mª Teresa Escudero Barrañ, con DNI nº **3025***, secretaria-interventora do Consorcio Provincial*



de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

2º.- Aproba-la factura e recoñecer a obriga correspondente ao subministro de 3 compresores de aire respirable descritos na acta de recepción e ordenando o pago:

Nº de factura	Aplicación presupostaria	Identificación do acreedor		Importe
		Razón social	CIF	
9842	1360.62300	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	B36112043	57.959,00 €

3º.- A imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, incumplido, IVE excluído, computadas a partir do remate do prazo de entrega (01/05/2025 a 25/09/2025-2025), que ascende a 4.117,20 €. O devandito importe farase efectivo mediante dedución da factura nº 9843."

- En virtude do recurso de reposición presentado pola empresa Peycar Pontevedra, S.L. contra a imposición das referidas penalidades, a Presidencia, mediante Resolución de data 30/12/2025, nº 2025-00226, RESOLVE:

"1º.- Admitir a trámite o recurso de reposición interposto por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., con data de rexistro de entrada 30/10/2025, nº 2025-E-RE-268, por canto o mesmo foi interposto en tempo e forma.

2º.- Estimar as alegacións formuladas no recurso de reposición interpostos por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., con data de rexistro de entrada 30/10/2025, nº 2025-E-RE-268, en base ás consideracións formuladas pola Xerencia, no informe de data 29/12/2025, que forman parte do corpo do presente informe.

3º.- Proceder á devolución, á empresa PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., do importe indebidamente ingresado no concepto de ingresos 39900, que ascende a 4.117,20 €, por penalidades por demora no prazo de entrega de compresores dos compresores de aire respirables; ao non responder a causas imputables á mesma.

4º.- Dar traslado do presente acordo PEYCAR PONTEVEDRA, S.L."

1.4. Estrutura organizativa a nivel político e administrativo.

Está formada por:

Os órganos de goberno e de xestión do Consorcio son os seguintes:

- **Pleno**, integrado por:
 - * A persoa titular da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra ou deputado/a en quen delegue.
 - * A persoa titular da consellería con competencia en materia de protección civil e xestión de emerxencias ou persoa en quen delegue.
 - * Dous deputados/as da deputación provincial designados pola presidencia da Deputación.
 - * Dous representantes da Xunta de Galicia designados pola consellería con competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias.
- **Presidencia**, elixida polo Pleno, por maioría absoluta do número legal dos membros do consorcio.
- **Vicepresidencia**, elixida polo Pleno, por maioría absoluta do número legal dos membros do consorcio.
- **Consello Asesor**, integrado por:
 - * Presidencia: titular da Presidencia do Consorcio ou membro do Pleno en quen delegue.



- * Vicepresidente: titular da Vicepresidencia do Consorcio ou membro do pleno en quen delegue.
- * O/a alcalde/sa ou persoa en quen delegue, en representación de cada concello onde se instalen os parques ou subparques que se integran no Consorcio.
- * Dous representantes da Xunta de Galicia designados pola consellería con competencia en materia de atención ás emerxencias.
- * Dous representantes da Deputación Provincial de Pontevedra designados pola súa Presidencia.
- Xerencia coa condición de persoal directivo.
- Funcionario/a con habilitación de carácter estatal.
- **Comisión Especial de Contas**, integrada por:
 - * Presidenta/e: presidenta/e do Consorcio, suplente deputado provincial.
 - * Vocais:
Representante da Deputación Provincial e suplente
Representante da Xunta de Galicia e suplente

1.5. O número medio de empregados no exercicio 2025:

CONCEPTO	Nº MEDIO
FUNCIONARIA DE HABILITACIÓN ESTATAL	
Secretaria-interventora	<i>Exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría- Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra</i>
PERSONAL LABORAL ALTA DIRECCIÓN	
Xerente (Contrato laboral de carácter especial de alta dirección ao amparo do previsto no Real Decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección)	1
PERSONAL OPERATIVO	
Persoal laboral fixo	69
Persoal laboral temporal interinidade	1
Persoal laboral temporal por substitución	2

No exercicio 2025 adoptáronse os seguintes acordos que inciden neste apartado:

1. APROBACIÓN E PUBLICACIÓN DO I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSONAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE



PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 26/02/2025, acorda ratificar e aprobar o I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, resultante da reunión da Comisión Negociadora de data 07-02-2025 e asinado polas partes o día 07-02-2025; publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 15 de abril de 2025, nº 72.

2. CADRO DE PERSOAL

* APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL.

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 29/10/2024, acorda aprobar o Anexo-Cadro de Persoal e de retribucións para o exercicio 2025, que contempla a creación de 17 posto de persoal laboral fixo de bombeiro- condutor:

APARTADO 1º: Persoal funcionario				
PERSOAL ADMINISTRATIVO				
GRUPO	NIVEL/CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	OBSERVACIÓNS
1		ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL		<i>Exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría- Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra</i>
1.1		SUBESCALA SECRETARIA-INTERVENCIÓN		
A1		SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A	1	
2		ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL		
2.1		SUBESCALA TÉCNICA. CLASE SUPERIOR		
A.1	26	TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	1	
2.2		SUBESCALA ADMINISTRATIVA		
C.1	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	

	COMPLEMENTO ESPECÍFICO ANUAL	COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDAD ANUAL
TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	14.261,07	6.111,88
ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	9.486,96	4.065,84

APARTADO 2º: Persoal directivo (Contrato de alta dirección celebrado ao abeiro do R.D. 1382 de 1 de agosto)		
N.º POSTOS	DENOMINACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS
1	XERENTE	38.566,40

APARTADO 3º: Persoal laboral fixo
--

PERSONAL LABORAL FIXO POR SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET
--



DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS SUBROGADOS
XEFE DE PARQUE	3 (1)
XEFE DE QUENDA- CONDUCTOR	20 (2)
BOMBEIRO-CONDUCTOR	50 (3)

(1) Un xefe de parque en situación de excedencia forzosa con reserva de posto

(2) Un xefe de quenda está a desenvolver as funcións de xefe de Parque en O Porriño en substitución do xefe de parque excedente.

(3) Un bombeiro conductor está a desenvolver as funcións de xefe de quenda en O Porriño en substitución do xefe de quenda que se atopa en substitución do xefe de parque.

Coa creación dos seguintes postos de traballo de persoal laboral fixo

PERSONAL LABORAL FIXO DE NOVO INGRESO	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
BOMBEIRO-CONDUCTOR	17

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	3
XEFE DE QUENDA- CONDUCTOR	20
BOMBEIRO-CONDUCTOR	67

APARTADO 4º: Persoal laboral temporal

PERSONAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DERIVADO DA SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUCTOR	0
BOMBEIRO-CONDUCTOR	1

* MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DO EXERCICIO 2025.

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 13/06/2025, acorda aprobar definitivamente a modificación do Cadro de Persoal Laboral Fixo do exercicio 2025, coa transformación de 2 dos postos de bombeiro-conductor dos creados en 2 dos postos de xefes de parque, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo para o exercicio 2025, coas clasificacións profesionais establecidas no I CONVENIO COLECTIVO



PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A APRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO:

APARTADO 3º: Persoal laboral fixo			
CATEGORÍA/DENOMINACIÓN	GRUPO	NÚMERO	TOTAL
PERSOAL OPERATIVO			90
GRUPO I: MANDOS			25
XEFE DE PARQUE	c1	5	
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	c2	20	
GRUPO II			65
BOMBEIRO-CONDUTOR	c2	65	

E o CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2025 coas clasificacións profesionais establecidas no I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A APRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO e o grupo de asimilación funcionario:

APARTADO 1º: Persoal funcionario				
PERSOAL ADMINISTRATIVO				
GRUPO	NIVEL/CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	OBSERVACIÓNS
		ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL		Exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría- Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra
		SUBESCALA SECRETARIA-INTERVENCIÓN		
A1		SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A	1	
		ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL		
		SUBESCALA TÉCNICA. CLASE SUPERIOR		
A1	26	TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	1	
		ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL		
		SUBESCALA ADMINISTRATIVA		
C1	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	

APARTADO 2º: Persoal directivo		
NÚMERO	DENOMINACIÓN	GRUPO
1	XERENTE	A2

APARTADO 3º: Persoal laboral fixo			
CATEGORÍA/DENOMINACIÓN	GRUPO	NÚMERO	TOTAL
PERSOAL OPERATIVO			90



GRUPO I: MANDOS			25
XEFE DE PARQUE	c1	5	
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	c2	20	
GRUPO II			65
BOMBEIRO-CONDUTOR	c2	65	

Dos que son de nova creación no exercicio 2025 os seguintes:

PERSOAL LABORAL FIXO DE NOVO INGRESO		
CATEGORÍA/ DENOMINACIÓN	NÚMERO	TOTAL
PERSOAL OPERATIVO		17
GRUPO I: MANDOS		2
XEFE DE PARQUE	2	
GRUPO II		15
BOMBEIRO-CONDUTOR	15	

APARTADO 4º: Persoal laboral temporal	
PERSOAL OPERATIVO	
PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DERIVADO DA SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET	
DENOMINACIÓN	NÚMERO
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	0
BOMBEIRO-CONDUTOR	1

3. RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 13/06/2025, acorda aprobar con carácter definitivo a valoración de postos de traballo, elaborada pola empresa NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., xunto co catálogo de postos de traballo coas funcións e tarefas de cada un deles e a Relación de Postos de Traballo e Organigrama do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, elaborada pola empresa NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. e que consta no expediente, con efectos económicos retroactivos a 01.01.2025, en canto resulte de aplicación, publicándose Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 25/06/2025, nº 120:

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO									
RELACIÓN POSTOS DE TRABAJO ADSCRITOS Á ÁREA ADMINISTRATIVA									
DESCRIPCIÓN POSTO	DOT (1)	CD (2)	C. ESPECIFICO (3)	P (4)	GR (5)	CP (6)	RX (7)	ESCALA (8)	OBSERVACIÓNS



Secretario/a interventor/a	1	30	26.364,80 €	C	A1	S-I	FHN	HN	
Técnico/a de relacións laborais	1	26	13.154,40 €	C	A1	TS	FC	AE	
Administrativo/a	1	20	8.517,60 €	C	C1	AD	FC	AX	
RELACIÓN POSTOS DE TRABAJO ADSCRITOS Á ÁREA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS/SERVIZO TÉCNICO- OPERATIVO									
DESCRIPCIÓN POSTO	DOT (1)	CD (2)	C. ESPECIFICO (3)	GR (5)	RETRIBUCIÓN ANUAL		RX (7)		OBSERVACIÓNS
PERSOAL DIRECTIVO									
Xerente	1	24	23.940,00 €	A2	49.145,71 €		PD		
PERSOAL OPERATIVO									
PARQUE DE BOMBEIROS BUEU									
Xefe de parque	2	21	15.736,00 €	C1	35.491,61 €		LF		
Xefe de quenda	5	18	17.617,60 €	C2	34.255,46 €		LF		
Bombeiro-Condutor	16	17	15.713,60 €	C2	31.975,17 €		LF		
PARQUE DE BOMBEIROS PORRIÑO									
Xefe de parque	1	21	15.736,00 €	C1	35.491,61 €		LF		
Xefe de quenda	5	18	17.617,60 €	C2	34.255,46 €		LF		
Bombeiro-Condutor	17	17	15.713,60 €	C2	31.975,17 €		LF		
PARQUE DE BOMBEIROS RIBADUMIA									
Xefe de parque	1	21	15.736,00 €	C1	35.491,61 €		LF		
Xefe de quenda	5	18	17.617,60 €	C2	34.255,46 €		LF		
Bombeiro-Condutor	16	17	15.713,60 €	C2	31.975,17 €		LF		
PARQUE DE BOMBEIROS VILAGARCÍA									
Xefe de parque	1	21	15.736,00 €	C1	35.491,61 €		LF		
Xefe de quenda	5	18	17.617,60 €	C2	34.255,46 €		LF		
Bombeiro-Condutor	16	17	15.713,60 €	C2	31.975,17 €		LF		

4. PROCEDEMENTOS XUDICIAIS RELACIONADOS EN CURSO

- Recurso contencioso-administrativo, Procedemento Abreviado 379/2025, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra contra a valoración dos postos de xefes de parque na Relación de Postos de Traballo.

- Procedemento Ordinario 754/2024, ante o Xulgado do Social nº 7 de Vigo, de reclamación de fixeza.

- Procedemento Ordinario 499/2025, ante o Xulgado do Social nº 4 de Pontevedra, de reclamación de fixeza.

2. Xestión do servizo público de intervención en emerxencias:

Segundo se establece no artigo 5º.2 dos seus Estatutos, constitúe o obxecto do consorcio a execución das competencias de servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento, que se lles atribúe na lexislación vixente aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación e, de ser o caso, a creación dunha rede de parques que garanta a prestación homoxénea do servizo,



por calquera das modalidades de xestión prevista na lexislación.

Xestión directa.

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión extraordinaria e urgente, de data 8 de abril de 2021, acorda:

1º.- A inadmisión das alegacións contidas no escrito de alegacións presentado por D. Roberto Jorge Correa, nº de rexistro 2021-E-RE-7, de data 01-03-2021, en base ao informe emitido pola secretaria-interventora con data 29 de marzo de 2021, que obra no expediente.

2º.- Aprobar con carácter definitivo a "Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra", subscrita, na reunión de data 08-01-2021, pola Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta á xestión directa; coas correccións sinaladas na Mesa de negociación, na reunión de de data 15 de xaneiro de 2021 e coa corrección sinalada no seo da sesión do Pleno de data 2 de febreiro de 2021, de toma en consideración e aprobación inicial; quedando determinado como forma de xestión do servizo de intervención en emerxencias e salvamento dependente deste Consorcio máis sostible e eficiente, de entre as previstas no artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a xestión directa mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, coa sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a subrogación do persoal de acordo co disposto na Memoria e nos termos que na mesma se recollen.

3º.- En consonancia co anterior, a subrogación do persoal de intervención, derivado da sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, co carácter de indefinidos non fixos/interinidade, ata a cobertura dos postos con carácter definitivo, segundo figura no texto e no ANEXO I da "Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra", coas condicións laborais que viñan gozando a 21 de maio de 2020, data do acordo da creación da Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta a xestión directa. Quedando condicionado o presente acordo á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito (baixa por anulación-concesión de crédito extraordinario-suplemento de crédito 1/2021) e do cadro de persoal 2021 e será de aplicación a partir do día 1 de xuño de 2021, desde o día seguinte ao do vencemento da concesión.

4º.- Publicar este acordo para xeral coñecemento, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web do Consorcio."

O día 31 de maio de 2021, publícase a aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito: Baixa por anulación-concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito n.º 1/2021 e do Cadro de Persoal e retribucións, tramitado aos efectos de adaptar a estrutura orzamentaria ao modelo de xestión directa do servizo de intervención en emerxencias e salvamento dependente deste Consorcio, mediante a prestación directa con efectivos de persoal propio do Consorcio, coa sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a subrogación do persoal.



A Presidencia mediante Resolución de data 30-05-2021, RESOLVE:

"1º.- Dar por rematado, con data 31 de maio de 2021, o contrato subscrito, con data 26 de abril de 2013, coa empresa *MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A. (CIF A80173115)* da xestión indirecta, mediante concesión administrativa, do servizo público de intervención en emerxencias dependente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento; sen prexuízo da continuidade do procedemento de reversión en tramitación, ao abeiro cláusula *Trixésimo primeira* do Prego de Clausulas Administrativas que rexe neste contrato en concordancia co artigo 283 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

2º.- Iniciar, con data 1 de xuño de 2021, a xestión directa do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento dependente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, coa subrogación do persoal de intervención, derivado da sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, co carácter de indefinidos non fixos/interinidade, ata a cobertura dos postos con carácter definitivo, segundo figura no texto e no ANEXO I da "Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra", coas condicións laborais que viñan gozando a 21 de maio de 2020, data do acordo da creación da Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta a xestión directa, causando alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social no código de conta de cotización do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento con data 1 de xuño de 2021".

3. Bases de presentación das contas

3.1.- Imaxe fiel

a) Estas contas anuais obtivéronse dos rexistros contables do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento preséntanse de acordo coas normas contidas na orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución de Contabilidade Local, Modelo Normal, de forma que mostran a imaxe fiel da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da Entidade.

En canto á imaxe do patrimonio, o Consorcio non conta con *documentación soporte adecuada para os datos recollidos no epígrafe I. "Patrimonio" del Patrimonio neto nin dos elementos do inmovilizado material.*

b) Para efectos de elaboración das contas anuais, seguíronse tanto os principios contables de carácter económico patrimonial, tendo en conta o sinalado en relación co patrimonio e co inmovilizado, como os principios contables de carácter orzamentario e as normas de contabilidade xeralmente aceptados establecidos no Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local, sendo os máis relevantes os seguintes:

A contabilidade da entidade desenvolverase aplicando os principios contables de carácter económico patrimonial que se indican a continuación:

_ Xestión continuada.

_ Devengo. As transaccións e outros feitos económicos recoñécense en función da corrente real de



bens e servizos que os mesmos representan, e non no momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada de aqueles. Os elementos recoñecidos de acordo con este principio son activos, pasivos, patrimonio neto, ingresos e gastos.

Se non pode identificarse claramente a corrente real de bens e servizos se recoñecen os gastos ou os ingresos, ou o elemento que corresponda, cando se produzan as variacións de activos ou pasivos que lles afecten.

_ Uniformidade.

Se procede a alteración xustificada dos criterios utilizados, dita circunstancia farase constar na memoria, indicando a incidencia cuantitativa e cualitativa da variación sobre as contas anuais.

_ Prudencia. Mantendo certo grado de precaución nos xuízos dos que se derivan estimacións baixo condicións de incerteza, de tal maneira que os activos ou os ingresos non se sobrevaloren, e que as obrigas ou os gastos non se infravaloren. Pero, ademais, o exercicio da prudencia non supón a minusvaloración de activos ou ingresos nin a sobrevaloración de obrigas ou gastos, realizados de forma intencionada, xa que elo privaría de neutralidade a información, supoñendo un menoscabo a súa fiabilidade.

_ Non compensación. Non se compensan as partidas do activo e do pasivo do balance, nin as de gastos e ingresos que integran a conta do resultado económico patrimonial ou o estado de cambios no patrimonio neto, e valóranse separadamente os elementos integrantes das contas anuais, salvo aqueles casos nos que de forma excepcional así se regule.

_ Importancia relativa. A aplicación dos principios e criterios contables, esta presidida pola consideración da importancia en termos relativos que os mesmos e os seus efectos puideran presentar. Por conseguinte, poderá ser admisible a no aplicación estrita de algún deles, sempre e cando a importancia relativa en termos cuantitativos ou cualitativos da variación constatada sexa escasamente significativa e non altere, polo tanto, a imaxe fiel da situación patrimonial e dos resultados do suxeito económico. As partidas ou importes cuxa importancia relativa sexa escasamente significativa poderán aparecer agrupados con outros de similar natureza ou función. A aplicación deste principio non poderá implicar en caso algún a transgresión de normas legais.

Nos casos de conflito entre os anteriores principios contables prevalecerá o que mellor conduza a que as contas anuais expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e do resultado económico patrimonial da entidade.

Tamén se aplicarán os principios contables de carácter orzamentario recollidos na normativa orzamentaria aplicable, e en especial os seguintes:

_ Principio de imputación orzamentaria. A imputación das operacións que deban aplicarse ós orzamentos de gastos e ingresos faise de acordo cos seguintes criterios:

Os gastos e ingresos orzamentarios impútanse de acordo coa súa natureza económica e, no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir.

As obrigas orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións ou gastos, en xeral, impútanse ao orzamento do exercicio no que estes se realicen e con cargo aos respectivos créditos; os dereitos imputaranse ao orzamento do exercicio no que se recoñezan ou liquiden.

_ Principio de desafectación. Con carácter xeral, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar la totalidade dos gastos de dita natureza, sen que exista relación directa entre uns e outros. No suposto de que determinados gastos orzamentarios se financien con ingresos orzamentarios específicos a eles afectados, o sistema contable deberá reflectir esta circunstancia e permitir o seu seguimento.



3.2.- Comparación da información

Realízase a comparación entre os datos do exercicio 2024 e os do exercicio 2025.

4. Normas de valoración.

As normas de valoración seguidas na elaboración das contas anuais, así como na confección da contabilidade foron as desenvolvidas na parte segunda do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local no seu modelo normal. Ditas normas aparecen concretadas en cada un dos seguintes epígrafes da memoria.

5. Inmovilizado material.

Os coeficientes de amortización e vida útil de cada un dos tipos de inmovilizado que posúe o Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento reflíctense na seguinte táboa:

TIPO INMOBILIZADO MATERIAL	CONTA CONTABLE	VIDA ÚTIL	COEFICIENTES AMORTIZACIÓN	AMORTIZACIÓNS DO EXERCICIO
Construcións	211	50 anos	3%	32.856,82
Maquinaria e utillaxe	214	8,33 anos	10%	81.977,27
Instalacións técnicas y outras instalacións	215	10 anos	12%	587,12
Mobiliario	216	10 anos	10%	5.688,79
Equipos para procesos de información	217	4 anos	25%	7,97
Elementos de transporte	218	6,25 anos	16%	132.319,58
Outro inmovilizado material	219			17.526,42
TOTAL				270.963,97

O Consorcio non dispón do correspondinte rexistro detallado de inmovilizado; para dar solución a esta situación e dar cumprimento ao esixido na Instrucción do modelo normal de contabilidade local, aprobado mediante a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, que esixe o rexistro de tódalas operacións patrimoniais que se produzan no ámbito da entidade contable, así como mostrar a través dos seus estados e informes a imaxe fiel do seu patrimonio, estase a elaborar o inventario de bens e dereitos do Consorcio e o correspondente balance, entendido como estado contable elaborado de acordo cuns principios e criterios propios que resume a situación patrimonial da entidade mostrando a composición e o valor do seu activo e do seu pasivo.

6. Patrimonio público do solo.



O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non ten patrimonio público do solo.

7. Inversións inmobiliarias.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non realizou inversión inmobiliaria.

8. Inmobilizado intanxible.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non adquiriu inmovilizado intanxible.

9. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non realizou ningún arrendamento financeiro ou operacións similares.

10. Activos financeiros.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non ten activos financeiros.

11. Pasivos financeiros.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non ten Pasivos financeiros.

12. Coberturas contables.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non realizou operacións de cobertura contable ao longo deste exercicio.

13. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias.

Non se construíron ou adquiriron activos para outras entidades e outras existencias

14. Moeda estranxeira.

Non se realizaron transaccións en moeda estranxeira durante este exercicio.

15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.



As transferencias recibidas proceden da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Pontevedra en virtude do sinalado no artigo 23 dos seus Estatutos, que establece que as achegas dos entes consorciados (Deputación-Xunta) para sufragar os gastos de funcionamento do consorcio efectuaranse ao 50%:

CARACTERÍSTICAS	IMPORTE RECIBIDO		IMPORTE REINTEGABLE	IMPORTE NO REINTEGABLE	CANTIDADE IMPUTADA A RESULTADOS	
	Exercicio corrente	Exercicio pechado			Exercicio corrente	Exercicio pechado
Xunta de Galicia	1.570.000,00	0,00	0,00	1.570.000,00	1.570.000,00	0,00
Deputación Provincial	1.570.000,00	0,00	0,00	1.570.000,00	1.570.000,00	0,00
TOTAL	3.140.000,00	0,00	0,00	3.140.000,00	3.140.000,00	0,00

As transferencias realizadas cuxo saldo ascende a 6.000,00 € correspondente á cota anual, como entidade asociada, á Asociación de Consorcios y Servicios de Bomberos de España (CONBE):

COTAS	IMPORTE	REINTEGROS
2025	6.000,00	0,00
TOTAL	6.000,00	0,00

16. Provisións e continxencias.

Non se recoñeceron provisións no Balance durante este exercicio.

17. Información sobre medio ambiente.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non ten información sobre medio ambiente.

18. Activos en estado de venta.

Non dispón de ningún activo en estado de venta.

19. Presentación por actividades da conta del resultado económico patrimonial.

GASTOS		EXERCICIO 2025		
CÓDIGO GRUPO DE PROGRAMA	DESCRIPCIÓN	ORZAMENTARIOS	NON ORZAMENTARIOS	TOTAL
1360	Servizo de prevención e extinción de incendios	4.608.510,57	268.569,17	4.877.079,74
9120	Órganos de goberno	5.940,00	346,16	6.286,16



9200	Administración Xeral	29.507,74	1.719,62	31.227,36
9310	Política económica e fiscal	745,02	43,42	788,44
9320	Xestión do sistema tributario	4.900,73	285,60	5.186,33
TOTAL		4.649.604,06	270.963,97	4.920.568,03

INGRESOS		EXERCICIO 2025
INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA	INGRESOS FINANCIEROS	TOTAL
5.576.542,12	84,85	5.576.626,97

20. Operacións por administración de recursos por conta de outros entes públicos.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non xestiona recursos doutros entes.

21. Operacións non orzamentarias de tesourería.

21.1 ACREDITORES NON ORZAMENTARIOS

CONTA	CONCEPTO	SALDO 01/01	ABONOS NO EXERCICIO	TOTAL ACREDITORES	CARGOS REALIZADOS	ACREDITORES PENDENTES DE PAGO 31/12
4751	FACENDA PÚBLICA ACREDORA IRPF	78.774,28	541.884,55	620.658,83	418.726,18	201.932,65
4760	SEGURIDADE SOCIAL ACREDORA	14.145,28	1.310.421,03	1.324.566,31	1.294.714,11	29.852,20
5600	FIANZAS CONTRATACIÓN	291,00	5.228,87	5.519,87	0,00	5.519,87
TOTAL		93.210,56	1.857.534,45	1.950.745,01	1.713.440,29	237.304,72

21.2 DEBEDORES NON ORZAMENTARIOS

CONTA	CONCEPTO	SALDO 01/01	CARGOS NO EXERCICIO	TOTAL DEBEDORES	ABONOS REALIZADOS	DEBEDORES PENDENTES DE COBRO 31/12
TOTAL		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

21.3 COBROS PENDENTES DE APLICACIÓN

CONTA	CONCEPTO	COBROS PENDENTES DE APLICACIÓN 01/01	COBROS REALIZADOS NO EXERCICIO	TOTAL COBROS PENDENTES DE APLICACIÓN	COBROS PENDENTES DE APLICACIÓN NO EXERCICIO	COBROS PENDENTES DE APLICACIÓN A 31/12
TOTAL		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00



21.4 PAGOS PENDENTES DE APLICACIÓN

CONTA	CONCEPTO	PAGOS PENDENTES DE APLICACIÓN 01/01	PAGOS REALIZADOS NO EJERCICIO	TOTAL PAGOS PENDENTES DE APLICACIÓN	PAGOS PENDENTES DE APLICACIÓN NO EJERCICIO	PAGOS PENDENTES DE APLICACIÓN A 31/12
TOTAL		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

22. Contratación administrativa. Procedimientos de adjudicación.

22.1. Contratación administrativa 2025.

SERVIZOS/CONTRATO MENOR:

1* Descripción: Revisión de distinto material de protección respiratoria

Expediente: 12/2025

Procedemento: Contrato menor de servicios

Valor estimado: 14.970,00€.

Data de adjudicación: Resolución da Presidencia nº 2025-0024 de data 10/02/2025.

Adjudicatario: EASA NAVAL, S.L. (CIF B81035651)

Importe de adjudicación sen IVE: 11.316,52 €

SUBMINISTROS/CONTRATO MENOR:

1* Descripción: Subministros equipos informáticos

Expediente: 204/2024

Procedemento: Contrato menor de subministros

Valor estimado: 14.980,00 €.

Data de adjudicación: Resolución da Presidencia nº 2025-0032 de data 19/02/2025.

Adjudicatario: INFOTIENDAS 2012, S.L.U. (CIF B94068616)

Importe de adjudicación sen IVE: 12.710,99 €

SERVIZOS/PROCEDEMENTO ABERTO:

1* Descripción: Servizo de mantemento preventivo e correctivo de material de traballo en altura e cascos, equipos de protección respiratoria e cascos (Plurianual)

Expediente: 241/2024

Procedemento: Aberto simplificado abreviado

Valor estimado:

LOTE	ANUALIDADES		TOTAL
	2025	2026	
Lote 1	10.000,00 €	10.000,00 €	20.000,00 €
Lote 2	16.650,00 €	16.650,00 €	33.300,00 €
Lote 3	4.610,00 €	1.950,00 €	6.560,00 €



Data de adxudicación: Resolución da Presidencia nº 2025-0012 de data 27/01/2025.

Importe de adxudicación sen IVE e empresa adxudicataria:

LOTE	EMPRESA ADXUDICATARIA		ANUALIDADES		TOTAL
	Denominación	CIF	2025	2026	
Lote 1	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	B36112043)	9.250,00 €	9.250,00 €	18.500,00 €
Lote 2	-	-	-	-	-
Lote 3	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	B36112043)	4.601,00 €	1.940,02 €	6.541,02 €

2* Descrición: Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos básicos e de execución de reforma e modernización dos parques comarcais dependentes deste Consorcio.

Expediente: 20/2024

Procedemento: Aberto simplificado

Valor estimado total 109.838,40 €, distribuído nos seguintes Lotes:

LOTE	Denominación	IMPORTE
Lote 1	Parque de bombeiros de Vilagarcía de Arousa	24.259,20 €
Lote 2	Parque de bombeiros de Ribadumia	32.704,00 €
Lote 3	Parque de bombeiros de Bueu	28.616,00 €
Lote 4	Parque de bombeiros de Porriño	24.259,20 €

Data de adxudicación:

Resolución da Presidencia nº 2025-0058 de data 28/03/2025, Lote 1, 2 e 3.

De conformidade co disposto no artigo 191 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL) en relación co artigo 90 e seguintes do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, pola secretaria-interventora que subscribe emítese o seguinte:

PRIMEIRO. Segundo determina o punto 1 do artigo 122 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, os consorcios estarán suxeitos ao réxime de presupuestación, contabilidade e control da Administración Pública á que estén adscritos, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

SEGUNDO. A lexislación aplicable é a seguinte:

- Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobados mediante Decreto 36/20211, do 17 de febreiro, da
 - Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
 - Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLRHL, en materia orzamentaria.
 - Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
 - Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación as entidades locais (REO)
 - Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
 - Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
 - Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
 - Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
 - Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde 419/2014, de 14 do marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Bases de execución do orzamento para o exercicio de 2025.





TERCEIRO. De conformidade co disposto no artigo 191 do TRLRFL e no artigo 89 do RD 500/1990, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ó pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

As obrigas recoñecidas e liquidadas non satisfeitas o último día del exercicio, os dereitos pendentes de cobro e os fondos líquidos a 31 de decembro configurarán o remanente de tesourería da entidade local. A cuantificación do remanente de tesourería deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando cos dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil o imposible recadación

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

Engadindo o artigo 93 do RD 500/1990 que, a liquidación do orzamento porá de manifesto:

a) Respecto do orzamento de gastos, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos ordenados e os pagos realizados.

b) Respecto do orzamento de ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.

Como consecuencia da liquidación do orzamento deberán determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario do exercicio.
- Os remanentes de crédito.
- O remanente de tesourería.

CUARTO. En canto ao órgano competente para a súa aprobación, de acordo co artigo 191.3 do TRLRFL, artigo 90.1 do RD 500/1990 e e 14.16 dos Estatutos, unha vez elaborada a liquidación do orzamento e informada pola Intervención, procederase á súa aprobación pola Presidenta/e da entidade, dando conta da resolución de aprobación ao Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento na primeira sesión ordinaria que celebre.

QUINTO. En cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, darase traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación conxunta e consolidación coa Liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao exercicio económico 2025.

SEXTO. Elaborados os estados demostrativos relativos á liquidación do Orzamento do exercicio 2025, ponse de manifesto que incorpora:





- 1) Liquidación do orzamento de Gastos, coa determinación dos remanentes de crédito.
- 2) Liquidación do orzamento de Ingresos
- 3) Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- 4) O resultado orzamentario do exercicio.
- 5) Os remanentes de crédito.
- 6) O Remanente de Tesourería.

1. PRESUPOSTO 2025

1.1. PRESUPOSTO INICIAL

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe € Créditos iniciais	Cap	Denominación	Importe € Créditos iniciais
1	Gastos de persoal	4.601.800,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	721.100,00	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.234.600,00
4	Transferencias correntes	5.000,00	4	Transferencias correntes	3.140.000,00
5	Fondo de contingencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	36.800,00	6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	7.000,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	5.374.700,00		TOTAL	5.374.700,00

1.2. PRESUPOSTO DEFINITIVO

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe € Créditos definitivos	Cap	Denominación	Importe € Créditos definitivos
1	Gastos de persoal	4.875.300,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.189.720,92	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.234.600,00





4	Transferencias correntes	6.000,00	4	Transferencias correntes	3.140.000,00
5	Fondo de contingencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	1.783.689,66	6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	7.000,00	8	Activos financeiros	2.490.010,58
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	7.864.710,58		TOTAL	7.864.710,58

1.3. ESTADO OPERATIVO

GASTOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	PAGOS LÍQUIDOS	INGRESOS PRESUPUESTAR	IMPORTE DEREITOS RECOÑEC. NETOS	RECADACIÓN NETA
1. Gastos de persoal	4.153.305,17	4.009.503,59	1. Impostos directos	0,00	0,00
2. Gastos en bens correntes e servizos	474.918,59	474.918,59	2. Impostos indirectos	0,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00	3. Taxas e outros ingresos	2.436.626,97	2.436.626,97
4. Transferencias correntes	6.000,00	6.000,00	4. Transferencias correntes	3.140.000,00	3.140.000,00
5. Fondo de contingencia	0,00	0,00	5. Ingresos patrimoniais	0,00	0,00
6. Inversións reais	161.415,20	161.415,20	6. Alleamento de inversións reais	0,00	0,00
7. Transferencias de capital	0,00	0,00	7. Transferencias de capital	0,00	
8. Activos financeiros	0,00	0,00	8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL	4.795.638,96	4.651.837,38	TOTAL	5.576.626,97	5.576.626,97

Obrigas recoñecidas no exercicio 2025 financiadas con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do exercicio 2024: 200.364,39 €.

1.4. MODIFICACIÓNS Ó PRESUPUESTO INICIAL:

- INCORPORACIÓN DE REMANENTE DE REMANENTE DE CRÉDITO: 355.300,58 €
- TRANSFERENCIA DE CRÉDITO: 0,00 €
- SUPLEMENTOS DE CRÉDITO: 653.500,00 €
- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS: 1.481.210,00 €
- CRÉDITOS XERADOS POR INGRESOS: 0,00 €
- BAIXAS POR ANULACIÓN: 0,00 €
- TOTAL MODIFICACIÓNS: 2.490.010,58 €





1.5. EXECUCIÓN DO GASTO

1.5.1. OBRIGAS RECOÑECIDAS

Durante a execución do Presuposto de 2025 recoñecéronse obrigas, na agrupación de exercicio corrente, por importe de 4.795.638,96 € o que equivale ó:

- * 89,23 % dos créditos iniciais do Presuposto de Gastos.
- * 60,98 % dos créditos definitivos do Presuposto de Gastos.

1.5.2. PAGOS REALIZADOS

Do total de obrigas recoñecidas 4.795.638,96 €, realizáronse pagos líquidos por importe de 4.651.837,38 € o que equivale ó 97 %.

1.6. EXECUCIÓN DO INGRESO

DEREITOS RECOÑECIDOS	RECADACIÓN TOTAL	DEVOLUCIÓN S DE INGRESOS RECOÑECIDAS NO EJERCICIO	DEREITOS RECOÑECIDOS	RECADACIÓN NETAS
5.581.158,17 €	5.581.158,17 €	4.531,20 €	5.576.626,97 €	5.576.626,97 €

1.6.1 DEREITOS LIQUIDADOS

Durante o exercicio 2025 liquidáronse un total de dereitos recoñecidos netos (DRN) por importe de 5.576.626,97 € o que representa o:

- * 3,76 % sobre as previsións iniciais de ingresos.

1.6.2 INGRESOS REALIZADOS

Do total de dereitos recoñecidos netos 5.576.626,97 € foron ingresados 5.576.626,97 € o que equivale ó 100 %.

1.6.3 DEVOLUCIÓN DE INGRESOS

CONCEPTO INGRESOS	DEVOLUCIÓN S DE INGRESOS RECOÑECIDAS NO EJERCICIO	DEVOLUCIÓN S DE INGRESOS PAGADAS NO EJERCICIO
30900	414,00 €	414,00 €
30901	4.117,20 €	4.117,20 €
TOTAL	4.531,20 €	4.531,20 €

2. PRESUPOSTOS PECHADOS





A agrupación de exercicios pechados parte dos datos obtidos da liquidación do Presuposto do exercicio inmediato anterior sobre os que se realiza a análise do grado de execución.

Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados	Saldo inicial	Modificación de dereitos recoñecidos exercicios pechados. Acordo do Pleno de data 29-10-24 de depuración de saldos contables derivados da integración dos consorcios comarcais	Recadación	Pendientes a 31/12/2025
	0,00	0,00	0,00	0,00
Obrigas pendentes de pago de exercicios pechados	Obrigas iniciais	Modificacións	Pagos realizados	Obrigas pendentes pago a 31/12/2025
	65.542,52	0,00	65.542,52	0,00

3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO

O Resultado orzamentario do exercicio regúlase nos artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990 e calculouse informaticamente, axustando en aumento polo importe das obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, que ascenden a 200.364,39 €.

A liquidación arroxa un resultado orzamentario axustado positivo por importe de 981.352,40 €

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	5.576.626,97	4.634.223,76	0,00	942.403,21
b. Operacións de capital	0,00	161.415,20	0,00	-161.415,20
1. Total operacións non financeiras	5.576.626,97	4.795.638,96	0,00	780.988,01
c. Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
d. Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
2. Total operacións financeiras	0,00	0,00	0,00	0,00
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	5.576.626,97	4.795.638,96	0,00	780.988,01
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería			200.364,39	





para gastos xerais			
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio			0,00
5. Desviacións de financiación positivas do exercicio			0,00
II. TOTAL AXUSTES (II 3+4-5)			200.364,39
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)			981.352,40

4. REMANENTE DE TESOURERÍA

O Remanente de Tesourería atópase regulado no artigo 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004 e artigo 101 do R.D. 500/90, de 20 de abril, presentando a liquidación un remanente de tesourería para gastos xerais de 6.924.781,29 €.

COMPOÑENTES	IMPORTE ANO 2025		IMPORTES ANO 2024	
1. (+)FONDOS LÍQUIDOS		7.305.887,59	6.302.546,36	6.302.546,36
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		0,00		0,00
- (+) Do presuposto corrente	0,00		0,00	
- (+) De Presuposto pechado	0,00		0,00	
- (+) De operacións non presupostarias	0,00		0,00	
3 (-) OBLIGACIÓN PENDINGES DE PAGO		381.106,30		158.753,08
- (+) Do Presuposto corrente	143.801,58		65.542,52	
- (+) De Presupostos pechados:	0,00		0,00	
- (+) De operacións non presupostarias	237.304,72		93.210,56	
4 (+) PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN:		0,00		0,00
- (-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00		0,00	
- (+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva:	0,00		0,00	
I. REMANENTE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)		6.924.781,29		6.143.793,28
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		0,00		0,00
III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		0,00		0,00
IV REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		6.924.781,29		6.143.793,28





5. REMANENTE DE CRÉDITO

TOTAL REMANENTE DE CRÉDITO: 3.069.071,62 €

Os remanentes de créditos a incorporar afectan ás seguintes aplicacións orzamentaria:

APLICACIÓN	IMPORTE	COMPROMISOS DE GASTO/OPERACIÓN DE CAPITAL
1360.21400	8.765,24 €	Mantemento preventivo 2025 superestrutura de elevación dos vehículos autoescaleira parques Bueu e Ribadumia. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 22-10-2024, nº 2024-0164. (EXP. 171/24)
1360.22100	1.770,92 €	Enerxía eléctrica parque bombeiros de Porriño, Bueu, Ribadumia. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 28-12-2024, nº 2024-0168 e prórroga do contrato de data 12-11-2025, n.º 2025-0187. (EXP. 213/24)
1360.22103	4.320,33 €	Combustible vehículos. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 28-12-2024, nº 2024-0167 e prórroga do contrato de data 12-11-2025, n.º 2025-0186. (EXP. 174/24)
1360.22799	847,00 €	Mantemento preventivo 2025 equipos excarcelación WEBER. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 12-09-2024, nº 2024-01132 (EXP. 151/24)
1360.62400	932.910,00	Subministro de dous vehículos tipo bombas urbanas pesadas. Autorización de gasto mediante acordo do Pleno de data 31/10/2025
1360.62900	14.568,40	Subministro de 28 traxes de protección contra a auga. Disposición do gasto mediante Resolución da Presidencia de data 07/02/2025, nº 2025-0022
1360.62900	260.010,85	Subministro de equipamentos téxtiles de intervención
1360.63200	100.126,78	Expediente de contratación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos técnicos de mellora e modernización dos parques de bombeiros. Disposición gasto mediante Resolución da Presidencia de data 28/03/2025, nº 2025-0058 e 11/04/2025, nº 2025-0064
9200.22400	2.703,75 €	Póliza seguro RC dos órganos de goberno e persoal
9200.22604	3.630,00 €	Contrato baseado no acordo marco de asistencia xurídica. Procedemento social 232/25. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 06-05-2025, nº 2025-0071 (EXP. 77/25)
9200.22604	3.630,00 €	Contrato baseado no acordo marco de asistencia xurídica. Procedemento contencioso-administrativo 155/25. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 16-06-





		2025, nº 2025-0103 (EXP. 104/25)
9200.2260 4	1.331,00 €	Contrato baseado no acordo marco de asistencia xurídica. Procedemento contencioso-administrativo 165/25. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 16-06-2025, nº 2025-0103 (EXP. 104/25)
9200.2260 4	3.630,00€	Contrato baseado no acordo marco de asistencia xurídica. Procedemento social 754/24. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 29-09-2025, nº 2025-0157 (EXP. 157/25)
9200.2260 4	3.811,50 €	Contrato baseado no acordo marco de asistencia xurídica. Procedemento contencioso-administrativo 379/25. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 17-12-2025, nº 2025-0207 (EXP. 205/25) con bonus de éxito
9200.2260 4	484,00 €	Recurso de suplicación procedemento 423/2025. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 24-10-2025, nº 2025-0169 (EXP. 128/25) con bonus de éxito
9200.2270 6	102,85	Informe en relación coas alegacións formuladas ao recurso preventivo por Juan Jesús Mariño Mariño. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 10-11-2025, nº 2025-01181 (EXP. 164/25)
9200.2270 6	302,50	Informe en relación coas alegacións formuladas ao recurso preventivo por Juan David Padín Otero. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia 10-11-2025, nº 2025-01181 (EXP. 164/25)
9330.2270 6	22.409,20	Expediente de contratación do servizo de asistencia técnica de elaboración do Inventario e Bens e Dereitos. Disposición de gasto mediante Resolución da Presidencia de data 30-12-24, n.º 2024-0220.
TOTAL	1.365.354 ,32	

FINANCIACIÓN:

Aplicación orzamentaria	Importe
87000	1.365.354,32

6. AFORRO NETO E PORCENTAXE DE DÉBEDA

Esta magnitude ven definida no artigo 53 do TRLRFL como a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos uno a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos uno, dos y catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada uno dos préstamos empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.

1	Dereitos liquidados (Capítulos 1 a 5)	5.576.626,97 €
2	Obrigas recoñecidas (Capítulos 1, 2	4.634.223,76 €





	e 4)	
3	Aforro bruto (1-2)	942.403,21€
4	Anualidade teórica de amortización	0,00 €
5	Aforro neto	942.403,21 €
	Débeda viva 31/12/2025	0,00 €

7. RESULTADO DO INFORME DE ESTABILIDADE PRESUPUESTARIA, REGRA DE GASTO E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

Do estudo do resultado da avaliación do Obxectivo de “Estabilidade Orzamentaria, Regra de gasto e Sustentabilidade financeira” na liquidación do Orzamento a 31 de decembro de 2025, que foi obxecto de informe independente e que complementa este, resulta:

* Capacidade de financiamento, “superávit non financeiro” = + 780.988,01 €

* “Regra de gasto”, diferenza entre o “Límite da Regra do Gasto” e o “Gasto computable liquidación 2025 = - 1.080.091,62 €

* Cumpre co principio de Sustentabilidade financeira na dobre vertente: Límite de débeda sobre ingresos correntes liquidados no exercicio anterior = 0 % e período medio de pago a provedores.

* O resultado da avaliación: CÚMPRESE COS OBXETIVOS ESTABILIDADE, REGRA DE GASTO E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA NA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DO EXERCICIO 2025.

CONCLUSIÓNS:

- Cúmrese o prazo establecido no artigo 191.3 do TRLRHL e artigo 90.1 do RD 500/1990, do 20 de abril.
- O estado da liquidación do orzamento 2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento incorpora a documentación esixida pola normativa vixente.
- O Orzamento 2025 liquídase con resultado e remanente de tesourería positivo.
- Cúmrese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Non se cumpre a regra de gasto; non obstante, e segundo sinala o artigo 4.1, 15 e 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro. polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, en aplicación ás entidades locais, a avaliación do cumprimento das regras fiscais debe ser acreditada no ámbito de consolidación da entidade de adscrición.
- Unha vez aprobada será aprobada pola Presidencia do Consorcio, dando conta ao Pleno do Consorcio Provincial na primeira sesión ordinaria que celebre; dando traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación conxunta e consolidación coa Liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao exercicio económico 2025.





En Pontevedra, a secretaria - interventora

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

Cod. Validación: A4ELR7ZYKKE3Z3FWSXDEA6YP
Corrección: <https://consorciocontraincendiossalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11





RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

ASUNTO: APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2025 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

EXPEDIENTE: 19/2026

Practicada a liquidación do orzamento 2025 segundo o previsto no R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no R.D. 500/1990, do 20 de abril e demais normativa aplicable.

En cumprimento do establecido no artigo 191.3 do RD Lvo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en concordancia co artigo 89 e ss. do R.D. 500/1990, do 20 de abril, a Presidencia, en uso das facultades que lle atribúen os devanditos artigos e o artigo 14 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobados mediante Decreto 36/2011, do 17 de febreiro, **RESOLVE:**

1º.- Aprobar a Liquidación do Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento correspondente ao exercicio económico 2025, coa estrutura que de seguido se sinala:

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	5.576.626,97	4.634.223,76	0,00	942.403,21
b. Operacións de capital	0,00	161.415,20	0,00	-161.415,20
1. Total operacións non financeiras	5.576.626,97	4.795.638,96	0,00	780.988,01
c. Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
d. Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
2. Total operacións financeiras	0,00	0,00	0,00	0,00
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	5.576.626,97	4.795.638,96	0,00	780.988,01
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			200.364,39	
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio			0,00	
5. Desviacións de financiación positivas do exercicio			0,00	
II. TOTAL AXUSTES (II 3+4-5)			200.364,39	

Cod. Validación: 3PLHASYLMRQETGHNXL6T6MSAG
Corrección: <https://consorciocontraincendiosesalvamentopontevedra.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 1 a 3





RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)	981.352,40
--	-------------------

2º.- Aprobar o estado de remanente de tesourería resultante da liquidación do Orzamento de 2025 e das operacións non orzamentarias, coa estrutura que a continuación se sinala:

COMPONENTES	IMPORTE ANO 2025		IMPORTES ANO 2024	
1. (+)FONDOS LÍQUIDOS	7.305.887,59	7.305.887,59	6.302.546,36	6.302.546,36
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		0,00		0,00
-(+) Do presuposto corrente	0,00		0,00	
-(+) De Presuposto pechado	0,00		0,00	
-(+) De operacións non presupostarias	0,00		0,00	
3 (-) OBLIGACIÓN PENDINGES DE PAGO		381.106,30		158.753,08
-(+) Do Presuposto corrente	143.801,58		65.542,52	
-(+) De Presupostos pechados:	0,00		0,00	
-(+) De operacións non presupostarias	237.304,72		93.210,56	
4 (+) PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN:		0,00		0,00
-(-) Cobros realizados pendent de aplicación definitiva	0,00		0,00	
-(+) Pagos realizados pendent de aplicación definitiva:	0,00		0,00	
I. REMANENTE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)		6.924.781,29		6.143.793,28
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		0,00		0,00
III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		0,00		0,00
IV REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		6.924.781,29		6.143.793,28

3º.- Dar traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación conxunta e consolidación coa Liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao exercicio económico 2025, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dando conta da presente Resolución ó Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Manda o Sr. presidente D. Luis López Diéguez, e asina, coa secretaria-
2





interventora D^a M^a Teresa Escudero Barral.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe





INFORME DE INTERVENCIÓN

De avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e sustentabilidade financeira con motivo da aprobación da liquidación do Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento correspondente ó exercicio 2025.

M^a Teresa Escudero Barral, funcionaria de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, posto de Asistencia de Secretaría-Intervención, adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra e no exercicio da atribución das funcións reservadas a funcionarios/as de administración local con habilitación de carácter nacional do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financiera, informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria da liquidación do presuposto 2024, o cumprimento da Regra de Gasto e do límite da débeda:

As obrigas recoñecidas netas e pagos líquidos e os dereitos recoñecidos netos e recadación líquida do presuposto do exercicio 2025 presenta o seguinte resume por capítulos:

Cap	GASTOS	Importe € ORN	Importe € Pagos líquidos	Cap	INGRESOS	Importe € DRN	Importe € Recaudación líquida
1	Gastos de persoal	4.153.305,17	4.009.503,59	1	Impostos directos	0,00	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	474.918,59	474.918,59	2	Impostos indirectos	0,00	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.436.626,97	2.436.626,97
4	Transferencias correntes	6.000,00	6.000,00		Transferencias correntes	3.140.000,00	3.140.000,00
5	Gastos imprevistos	0,00	0,00	5	Ingresos patrimoniais	0,00	
6	Investimentos reais	161.415,20	161.415,20	6	Alleamento de inversións reais	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	7	Transferencias de capital	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00	8	Activos financeiros	0,00	0,00
9	Pasivos		0,00	9	Pasivos	0,00	0,00

Cod. Validación: 70CF4KE2H2FSTR2K6M0EZ7HD5E
Corrección: <https://consorciocontraincendiosesalvamentopontevedra.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11





financeiros	0,00			financeiros		
TOTAL	4.795.638,96	4.651.837,38		TOTAL	5.576.626,97	5.576.626,97

1. NORMATIVA REGULADORA DO PRINCIPIO DE ESTABILIDADE PRESUPUESTARIA NO SECTOR PÚBLICO LOCAL, DE CÁLCULO DA REGRA DE GASTO E DAS OBRIGAS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN.

- *Lei 7/85 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*
- *Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL)*
- *Real-Decreto 500/90 do 20 de Abril.*
- *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira (en adiante LOEOSF).*
- *Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no Sector Público.*
- *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*
- *Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, no que non se opoña a LOEOSF.*
- *Orden Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF, coas modificacións introducidas pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.*
- *Manual de cálculo del Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE.*

2. CUMPRIMENTO DO OBXETIVO DE ESTABILIDADE

O artigo 11.4 LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha **posición de equilibrio ou superávit presupostario**. E así, o obxectivo de estabilidade aprobado polo Consello de Ministros o 10/09/2024 para a súa aplicación ás EELL no período 2025-2027 é o equilibrio.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento está obrigado a axustar o Orzamento, e a súa execución, ó principio de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (denominado SEC). Para o SEC encontrámonos en situación de equilibrio cando non exista “necesidade de financiamento”, é dicir, cando os ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 de ingresos) sexan suficientes para financiar os gastos non financeiros (capítulos 1 a 7 de gastos), unha vez realizados os axustes necesarios para converter os datos da contabilidade orzamentaria á contabilidade nacional.

En canto o regulamento de estabilidade orzamentaria, mantense vixente en todo o que non se opoña o establecido na Lei Orgánica 2/2012. En consecuencia, segundo o establecido no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei

2





18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Corporacións Locais, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria de esta Entidade local corresponde á Intervención Xeral, que deberá elevar ó Pleno *“un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes, a nivel consolidado”*. O informe emitirase con carácter independente e incorporarase ós previstos nos artigos 168.4, 172.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as modificacións e a súa liquidación”. En dito informe débense detallar os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, según o SEC 95.

2.1. ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

A. Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira (“Corporacións Locais” en Contabilidade Nacional):

- Entidade Local
- Organismos Autónomos
- Entes públicos dependentes que presten servicios ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais.

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais en virtude do artigo 2.2 da LOEPSF, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).

- Sociedades Mercantís

El presente informe afecta ao Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en canto entidade local non territorial, adscrito no exercicio 2024 á Deputación Provincial de Pontevedra en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2.2 DESCRICIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TÉRMINOS DE PRESUPOSTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.





Para a realización dos axustes considerarase o Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE, e o formulario F.1.1.B-1 "Axustes contemplados no Informe de Avaliación para relacionar o saldo resultante de Ingresos e Gastos do Orzamento coa capacidade ou necesidade de financiación calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas".

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiación do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferencias veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

A) INGRESOS:

Axustes a realizar

* Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

No citado manual establece que "la capacidad/necesidad de financiación de las administraciones públicas no puede verse afectada por los importes de impuestos y cotizaciones sociales cuya recaudación sea incierta", por tanto interpretase que, como para elaboralo presuposto utilízanse como referencia os dereitos recoñecidos e non os recadados en exercicios anteriores, procede facer ó axuste que se describe despois sobre os ingresos dos capítulos 1 a 3.

AXUSTE: Aplicarase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo), tomando os datos da *media das últimas tres liquidacións anteriores aprobadas*.

Axuste positivo (+): Se o importe dos dereitos recoñecidos dos capítulos I a III do Orzamento de Ingresos **é menor** do recadado (corrente máis pechado), suporá unha maior capacidade de financiación.

Axuste negativo (-): Se o importe dos dereitos recoñecidos dos capítulos I a III do orzamento de ingresos **é maior** do recadado (corrente mais pechado), suporá unha menor capacidade de financiamento.

CÁLCULO AXUSTE CRITERIO CAIXJA INGRESOS DATOS LIQUIDACIÓN 2022					
Capítulos	DEREITOS RECOÑECIDOS	Recaudado Pto. Cte.	Recaudado Pto. Cerrado	Total Recaudado	AXUSTES
Cap 1	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Cap 2	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Cap 3	1.965.111,20	1.965.111,20	0,00	1.965.111,20	0,00

CÁLCULO AXUSTE CRITERIO CAIXJA INGRESOS DATOS LIQUIDACIÓN 2023					
Capítulos	DEREITOS RECOÑECIDOS	Recaudado Pto. Cte.	Recaudado Pto. Cerrado	Total Recaudado	AXUSTES
Cap 1	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00





Cap 2	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Cap 3	2.050.058,63	2.050.058,63	0,00	2.050.058,63	0,00

CÁLCULO AXUSTE CRITERIO CAIXJA INGRESOS DATOS LIQUIDACIÓN 2024					
Capítulos	DEREITOS RECOÑECIDOS	Recaudado Pto. Cte.	Recaudado Pto. Cerrado	Total Recaudado	AXUSTES
Cap 1	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Cap 2	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Cap 3	2.230.955,02	2.230.955,02	0,00	0,00	0,00

Que arroxa os seguintes importes de axuste que reducen/aumentan as previsións de los capítulos 1 a 3:

Capítulos	2022	2023	2024	Axuste medio
Cap 1	0,00	0,00	0,00	0,00
Cap 2	0,00	0,00	0,00	0,00
Cap 3	0,00	0,00	0,00	0,00

* Capítulo 4:

Ingresos por participación en ingresos do Estado ou tributos cedidos, segundo o réxime da entidade.

Outro axuste que cabe realizar nesta fase de liquidación constitúe o importe que se reintegrou durante 2025 ó Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumando os ingresos por este concepto en 2024, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

No Consorcio non procede aplicar este axuste dado que entre os seus ingresos non figura a Participación no Tributos do Estado.

* Outros axustes en ingresos:

Ingresos obtidos da Unión Europea: 0,00 €

B) GASTOS

Axustes realizados

* Capítulo 3 de gastos.

En contabilidade nacional rexe o principio de devengo fronte ao de caixa aplicado na contabilidade local. Polo tanto, a fin de exercicio deberán incorporarse os intereses explícitos devengados no exercicio, tanto os vencidos como os non vencidos.

Efectúase un axuste pola diferenza entre as obrigas recoñecidas no orzamento e os intereses devengados, resultando: 0,00 €

* Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao

5





orzamento de gastos.

A conta 413 “Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto” recolle as obrigas de gastos realizados en bens ou servizos recibidos para os que non se produciu a súa aplicación ao orzamento sendo procedente a mesma.

O acto administrativo de recoñecemento dunha obriga prodúcese unha vez realizada a prestación a cargo do acreedor ou o nacemento do seu dereito en virtude de norma legal. Entre un e outro momento pode mediar un lapso de tempo que depende de diversas circunstancias formais, motivo polo cal, á data do peche do exercicio deberán rexistarse aquelas obrigas vencidas, liquidadas e esixibles, que se produciran aínda que non se ditan os correspondentes actos administrativos de recoñecemento e liquidación. O principio de devengo imponse en contabilidade nacional como principio xeral para calquera fluxo económico, e en particular, para as obrigas.

A 31 de decembro de 2025 non quedou cantidade pendente de imputar ao orzamento na conta 413 “Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto” .

2.3. CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN DERIVADA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO XERAL DO CONSORCIO PARA 2025.

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes liquidados dos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos (Dereitos recoñecidos netos) e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos (obrigas recoñecidas netas), previa aplicación dos axustes descritos, arroxa capacidade/necesidade de financiación.

O único axuste aplicable sería o criterio de caixa pero posto que só dispoñemos de dous exercicios anteriores liquidados considerase que non procede.

Identificador	Concepto (Previsión de axuste a aplicar ós importes de ingresos e gastos)	Importe
GR000	Axuste por recadación ingresos Capítulo 1	0,00
GR000b	Axuste por recadación ingresos Capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos Capítulo 3	0,00
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	0,00
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE - 2009	0,00
GR002b	(+/-) Axuste por liquidación PTE de exercizos distintos a 2008 e 2009	0,00
GR006	Intereses	0,00
GR006b	Diferencias de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grado de execución do gasto	0,00
GR009	Inversions realizadas por conta da Corporación Local	0,00
GR004	Ingresos por ventas de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participación en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do presuposto da Unión Europea	0,00
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportación de capital	0,00
GR013	Asunción e cancelación de debudas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar a presuposto	0,00
GR008	Adquisicións de pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00
GR008b	Contratos de asociación público privada (APPs)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta	0,00





	doutra Administración Pública (3)	
GR019	Préstamos	0,00
GR020	Devoluciones de ingresos pendientes de aplicar a presupuesto	0,00
GR99	Outros (1)	0,00
TOTAL	Total de axustes a Presuposto da Entidade	0,00

Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes	Cap/Nec. Financiación Entidade
5.576.626,97	4.795.638,96	0,00	780.988,01

Dacordo co artigo 3 e 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostinibilidade Financeira, o Consorcio na liquidación do orzamento 2025, mantén unha posición de superavit non financeiro.

3. CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupuestaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto no supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo o Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regla do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, no supera a taxa de referencia de crecemento do Producto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, para o exercicio 2025, a variación do gasto computable non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo da economía española, que está fixada no 3,2 %.

Por outro lado, a Orde Ministerial que desenvolve as obrigas de subministro de información coa modificación dada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece a obriga de subministro de información en relación coa regra de gasto coa liquidación do Orzamento.

Cálculo do gasto computable

Establece no apartado 2 do artigo 12 como se determina o volume de gasto computable.

*"2. Entenderase por **gasto computable** os efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos nos termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os xuros da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas ós sistemas de financiación."*





Consideracións

Na obtención do Gasto computable da entidade nun exercicio, teranse en conta o seguinte:

a) Si a Entidade está sometida a Presupuesto Limitativo/Contabilidade Pública, o Gasto computable calcúlase como:

(+) Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda.

Pártese das obrigas recoñecidas no exercicio anterior, coas observacións anteditas.

Do Capítulo 3 de gastos financeiros unicamente se agregarán os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así coma os gastos por execución de avais. Subconceptos (301, 311, 321, 331 y 357)

(+/-) Axustes cálculo Empregos non financeiros segundo o SEC

Para a determinación dos axustes e o seu importe, consideraranse o punto 1, “Cálculo de los empleos no financieros excluídos intereses para unidades sometidas a un Plan General de Contabilidad Pública”, da “Guía para la determinación de la Regla del Gasto del artículo 12 de la Ley 2/2012 Orgánica de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera para Corporaciones Locales”.

(-) Inversións realizadas por conta da Corporación local.

(-) Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local.

Para a determinación deste importe, considerárase o punto 3, “Consolidación de transferencias”, da “Guía para la determinación de la Regla del Gasto del artículo 12 de la Ley 2/2012 Orgánica de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera para Corporaciones Locales”.

(-) A parte de gasto non financeiro do Presupuesto financiado con fondos finalistas procedentes de: Unión Europea, Estado, Comunidade Autónoma, Deputacións e outras Administracións Públicas:

